EA · EPVA B4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.

UD 7 · Imaxe cinematográfica

7.1

C · B4.1. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía.

CA · B4.1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo.

EA · EPVA B4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.

7.2

C · B4.3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine.

CA · B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades

EA · EPVA B4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.

7.3

C · B4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria.

CA · B4.4. Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial.

EA · EPVA B4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.

7.4

C · B4.7. Deseño dun proxecto publicitario.

CA · B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes.

EA · EPVA B4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.

6. SECUENCIACIÓN e TEMPORALIZACIÓN de CONTIDOS

A Educación Plástica, Visual e Audiovisual é unha materia de configuración específica optativa. Impártese en 1º, 3º (2 horas semanais) e 4º ESO (3 horas semanais).

No curso 2020/21 contaremos co seguinte número aproximado de clases por trimestre:

1º e 3º ESO	1º Av. – 26 sesións
	2º Av. – 21 “
	3º Av. – 22 “

4º ESO	1º Av. – 38 sesións
	2º Av. – 32 “
	3º Av. – 30 “

En **1º e 3º ESO** a materia estrutúrase en tres bloques:

"Expresión plástica"
"Comunicación audiovisual"
"Debuxo técnico".

En **4º ESO** os bloques nos que se estrutura a materia son:

"Expresión plástica"
"Debuxo técnico"
"Fundamentos do deseño"
"Linguaxe audiovisual e multimedia".

NOTA: Os *contidos imprescindibles* non impartidos por mor do *confinamento* (marzo-xuño 2020) íranse integrando ao longo deste curso.

1º AVALIACIÓN	1º ESO · UNIDADES DIDÁCTICAS/PROXECTOS/TEMAS			TEMPORALIZACIÓN	
	UD	BLOQUE	CONTIDO	MES	NÚMERO DE SESIÓN
			UD 1. Percepción visual		
UD 1	B2.4	Comunicación visual: características e elementos que interveñen nela.		SET	2
	B2.5	Funcións das mensaxes na comunicación visual e audiovisual.		SET	3
	B2.1	Imaxe e comunicación visual. Iconicidade. Graos de iconicidade. Imaxe figurativa e imaxe abstracta.		OUT	3
	B2.2	Comunicación visual. Símbolos e iconas.		OUT	3
	B2.3	O cómic: medio de expresión. Linguaxe do cómic.		OUT	3
			UD 2. Expresión plástica		
UD 2	B1.1	Elementos configurativos da imaxe: punto, liña e plano.		NOV	3
	B1.2	Aprecio do uso que os artistas fan do punto, a liña e o plano para aplicalos ás propias composicións.		NOV	3
	B1.3	O punto como o elemento máis sinxelo na comunicación visual.		DEC	3
	B1.11	Texturas naturais e artificiais. Capacidade expresiva das texturas.		DEC	3

2º AVALIACIÓN	1º ESO · UNIDADES DIDÁCTICAS/PROXECTOS/TEMAS			TEMPORALIZACIÓN	
	UD	BLOQUE	CONTIDO	MES	NÚMERO DE SESIÓN
			UD 3. Debuxo das formas		
UD 3	B1.4	Posibilidades gráficas e expresivas da liña en relación ao seu trazado, grosor ou velocidade.		XAN	4
	B1.5	Calidades do plano como elemento compositivo e como construtor de volume.		FEB	4
	B1.12	Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.		FEB	5
			UD 4. A cor		
UD 4	B1.9	A cor coma fenómeno físico e visual. Mestura aditiva e sustractiva.		MAR	4
	B1.10	Círculo cromático. Cores complementarias.		MAR	4

3º AVALIACIÓN	1º ESO · UNIDADES DIDÁCTICAS/PROXECTOS/TEMAS			TEMPORALIZACIÓN	
	UD	BLOQUE	CONTIDO	MES	NÚMERO DE SESIÓN
			UD 5. A Xeometría das formas		
UD 5	B3.1	Elementos xeométricos fundamentais: punto, liñas e direccións. Posicións relativas entre rectas: paralelas, cortantes e perpendiculares.		XAN	1
	B3.2	Manexo da escuadra e cartabón para o trazado de paralelas, perpendiculares e rectas a 45°.		XAN	1
	B3.9	Concepto de medida. Operacións con segmentos coa axuda da regra ou utilizando o compás.		XAN	1
	B3.10	Mediatriz dun segmento. A mediatriz como lugar xeométrico básico no plano.		XAN	1
	B3.11	Teorema de Thales. Aplicacións do teorema de Thales para dividir un segmento en partes iguais e para a escala dun polígono.		XAN	2
	B3.4	Manexo do compás. Dividir a circunferencia en 2, 4, 6 ou 8 partes iguais, usando o compás. Realizar motivos decorativos co manexo do compás.		FEB	2
	B3.5	Ángulos. Clasificación de ángulos e posicións relativas.		FEB	1
	B3.6	Trazado de ángulos con escuadra e cartabón.		FEB	1
	B3.8	Bisectriz dun ángulo. A bisectriz como lugar xeométrico básico no plano.		FEB	1
	B3.7	Realizar operacións con ángulos. Medidas angulares. Transporte de medidas angulares.		FEB	2
	B3.3	Circunferencia e círculo. A circunferencia como lugar xeométrico básico no plano.		MAR	1

		UD 6. A xeometría das formas II			
UD 6	B3.13	Triángulos. Clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos. Propiedade fundamental dos triángulos.	MAR	1	
	B3.14	Construción de triángulos.	MAR	2	
	B3.17	Cuadriláteros: clasificación e propiedades.	MAR	1	
	B3.18	Construción de cuadriláteros.	MAR	2	
	B3.19	Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.	MAR	1	
	B3.20	Construción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia.	MAR	1	

1º AVALIACIÓN	3º ESO · UNIDADES DIDÁCTICAS/PROXECTOS/TEMAS			TEMPORALIZACIÓN	
	UD	BLOQUE	CONTIDO	MES	NÚMERO DE SESIÓN
			UD 1. Linguaxe visual		
UD 1	B2.1	Percepción visual. Proceso perceptivo.	SET	2	
	B2.2	Constantes perceptivas de forma, tamaño e cor.	OUT	3	
	B2.3	Ilusións ópticas	OUT	2	
	B2.4	Leis ou principios da Gestalt.	OUT	3	
	B2.6	Linguaxe visual. Signo visual. Significante e significado.	OUT	2	
	B2.7	Linguaxe da imaxe. Aprender a ler a imaxe.	NOV	2	
	B2.8	Denotación e connotación.	NOV	3	
UD 2. As formas. Debuxo das formas.					
UD 2	B1.3	A imaxe como representación da realidade. Iconicidade na imaxe gráfica. Niveis de iconicidade.	NOV	3	
	B1.4	O bosquejo ou apuntamento como estudo previo ao resultado final.	DEC	3	
	B1.2	O proceso creativo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	DEC	3	
	B1.8	Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.			

2º AVALIACIÓN	3º ESO · UNIDADES DIDÁCTICAS/PROXECTOS/TEMAS			TEMPORALIZACIÓN	
	UD	BLOQUE	CONTIDO	MES	NÚMERO DE SESIÓN
			UD 3. A cor.		
UD 3	B1.5	Natureza da cor. Cor luz e cor pigmento.		XAN	2
	B1.6	Temperatura da cor.		XAN	2
	B1.7	Simbolismo da cor		XAN	3
			UD 4. Linguaxe audiovisual		
UD 4	B2.9	Fotografía. A fotografía como medio de comunicación.		FEB	2
	B2.10	Linguaxes visual e audiovisual: funcións e códigos.		FEB	3
	B2.11	Recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.		FEB	2
	B2.12	Publicidade: principais recursos visuais empregados nela.		MAR	3
	B2.14	Linguaxe multimedia como ferramenta de traballo.		MAR	4

3º AVALIACIÓN	3º ESO · UNIDADES DIDÁCTICAS/PROXECTOS/TEMAS			TEMPORALIZACIÓN	
	UD	BLOQUE	CONTIDO	MES	NÚMERO DE SESIÓN
			UD 5. Xeometría das formas		
UD 5	B3.1	Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.		ABR	3
	B3.2	Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.		ABR	2
	B3.3	Construción de polígonos regulares dado o lado.		ABR	3
	B3.4	Tanxencias e enlaces. Propiedades e consideracións xeométricas das tanxencias.		MAI	3
	B3.5	Tanxencias e enlaces en curvas técnicas: óvalos e ovoides.		MAI	3
			UD 6. Xeometría das formas II		
UD 6	B3.8	Redes modulares: cadrada e triangular.		MAI	2
	B3.9	Concepto de simetría, xiro e translación aplicado as composicións modulares.		XUÑ	3
	B3.10	Representación obxectiva de sólidos. Introducción aos sistemas de medida e sistemas perspectivivos. Vistas diédricas dun sólido.		XUÑ	3

1º AVALIACIÓN	4º ESO · UNIDADES DIDÁCTICAS/PROXECTOS/TEMAS			TEMPORALIZACIÓN	
	UD	BLOQUE	CONTIDO	MES	NÚMERO DE SESIÓN
			UD 1. A composición plástica		
	UD 1	B1.2	Leis da composición.	SET	4
		B1.3	Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza.	OUT	4
		B1.10	Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes.	OUT	3
	UD 2. Comunicación visual				
	UD 2	B1.1	A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística.	OUT	2
		B1.5	Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais.	OUT	4
		B1.6	Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creación propias.	NOV	4
UD 3. O proceso creativo					
UD 3	B1.8	Seguimento do proceso de creación: bosquejo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva).	NOV	7	
	B1.9	Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.	DEC	10	
	B1.7	Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio.			

2º AVALIACIÓN	4º ESO · UNIDADES DIDÁCTICAS/PROXECTOS/TEMAS			TEMPORALIZACIÓN		
	UD	BLOQUE	CONTIDO	MES	NÚMERO DE SESIÓN	
			UD 4. Deseño			
2º AVALIACIÓN	UD 4	B3.5	Campos de aplicación do deseño.	XAN	2	
		B3.2	Fases do proceso de deseño.	XAN	2	
		B3.3	Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos.	XAN	2	
		B7.3	Compoñentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc.	XAN	3	
		B3.8	Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño.	FEB	2	
		B3.9	Informática ao servizo dos proxectos de deseño.	FEB	3	
	UD 5	UD 5. Debuxo xeométrico				
		B2.2	Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia.	FEB	3	
		B2.3	Tanxencias e enlaces.			
		B2.4	Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos.	FEB	3	
		B3.6	Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos.	MAR	2	
		B2.6	Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico.	MAR	2	
B2.8	Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.	MAR	3			

		B2.9	Perspectiva cónica central.	MAR	2
		B2.10	Perspectiva cónica oblicua.	MAR	3

3º AVALIACIÓN	4º ESO · UNIDADES DIDÁCTICAS/PROXECTOS/TEMAS			TEMPORALIZACIÓN	
	UD	BLOQUE	CONTIDO	MES	NÚMERO DE SESIÓN
			UD 6. Imaxe fotográfica		
	UD 6	B4.4	Criterios estéticos na elaboración de fotografías.	ABR	3
		B4.5	Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas.	ABR	3
		B4.6	Creación dixital de imaxes.	ABR	4
		B4.2	Realización dun storyboard.	ABR	4
	UD 7. Imaxe cinematográfica				
	UD 7	B4.1	Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía.	MAI	3
		B4.3	Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine.	MAI	3
		B4.9	Análise crítica da linguaxe publicitaria.	MAI	4
B4.7		Deseño dun proxecto publicitario.	XUÑ	6	

7. METODOLOXÍA

A LOMCE defende un “*enfoque metodolóxico baseado nas competencias clave e nos resultados de aprendizaxe*”, o que “*comporta importantes cambios na concepción do proceso de ensino-aprendizaxe*”.

A tal fin propóñense as seguintes orientacións:

- O método seguido polo profesor axustarase á natureza da materia, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos e ás características dos alumnos e alumnas.
- Os métodos deben partir da perspectiva do docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumnado.
- Ademais, débense enfocar á realización de tarefas ou situacións-problema, formuladas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo un uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores.
- Así mesmo, deben ter en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.
- As metodoloxías seleccionadas polos docentes deben axustarse ao nivel competencial destes. Ademais, é necesario secuenciar o ensino de tal modo que se parta de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara a outras máis complexas.
- Os métodos docentes deberán favorecer a motivación por aprender nos alumnos e alumnas e, para tal fin, os profesores deben ser quen de xerar neles a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, as destrezas e as actitudes e valores presentes nas competencias.
- As metodoloxías serán activas e contextualizadas, que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais.
- As metodoloxías activas débense apoiar en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares.
- As estratexias interactivas son adecuadas para permitir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.
- O traballo por proxectos baséase na proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un determinado resultado práctico. Esta metodoloxía axuda ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso en que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Favorécese, por tanto, unha aprendizaxe orientada á acción na cal se integran varias áreas ou materias.
- Resulta recomendable o uso do portfolio, que proporciona información extensa sobre a aprendizaxe do alumnado, reforza a avaliación continua e permite

compartir resultados de aprendizaxe. O portfolio é unha ferramenta motivadora para o alumnado que potencia a súa autonomía e desenvolve o seu pensamento crítico e reflexivo.

- O profesorado débese implicar na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes.
- Débese potenciar a integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe, que permiten o acceso a recursos virtuais.

Métodos pedagóxicos xerais

A metodoloxía empregada na aula é basicamente *activa e práctica* na que o principio fundamental é que o alumno ou alumna '*aprenda a ver*' e '*aprenda a facer*', para chegar a expresarse plásticamente mediante unha linguaxe baseada na percepción visual. Para iso deberanse desenvolver os valores *perceptivos* e os valores *expresivos* mediante os distintos tipos de actividades propostas na aula.

As características metodolóxicas da Educación Plástica, Visual e Audiovisual pódense resumir nos seguintes puntos:

- **Actividade.** Os coñecementos adquirense mediante a manipulación ou a acción. Os conceptos trátanse a través da representación, observación, comparación, reflexión, análise...
- **Investigación.** O alumno ensaia as propiedades gráficas e expresivas dos distintos materiais, técnicas, estilos, novas tecnoloxías, modos de expresión...
- **Expositivo-descriptivo.** O alumno argumenta os seus procesos de creación.
- **Análise crítica** da propia obra e da dos compañeiros, sempre para poder mellorar.
- **Creativa.** Buscando desenvolve-la orixinalidade e o respecto á inventiva.
- **Individualizada.** Recoñecendo a individualidade, as diferencias iniciais e o distinto modo de asimilación de cada persoa.

Papel do profesor

A súa actitude debe ser aberta e flexible, para crear unha atmósfera positiva na aula que propicie un ambiente de creatividade e libre expresión. As explicacións dos contidos conceptuais pretenden ser amenas e imaxinativas, e as actividades propostas variadas e motivadoras, para que estimulen o interese do alumno.

É necesario observar, reflexionar e planificar para adapta-lo ensino ás características específicas dos alumnos e o seu contexto, e favorecer un clima de interacción que propicie a súa participación no proceso de ensino-aprendizaxe.

Propostas metodolóxicas na aula

- Na materia de Plástica, eminentemente práctica, o alumnado realizará parte do traballo na casa, para posibilitar a execución do maior número de exercicios variados, e poder completar a Programación na medida do posible.
- O primeiro día de clase a profesora entregará ao alumnado unha lista co material que deberán traer á aula. Nas clases tomarán nota do material requerido para cada exercicio. A falta reiterada do material afectará ás notas trimestrais.
- Os alumnos levarán ao día un Portfolio persoal que irán elaborando e completando ao longo de todo o curso, como instrumento que evidencie o seu proceso de aprendizaxe.
- Propoñeráselles aos alumnos a realización de Proxectos artísticos baseados na resolución de problemas en contextos da vida real, nos que, traballando de forma individual ou grupal, deberán seguir as *fases do proceso creativo*, documentar todo nun portfolio, *presentalo* correctamente á aula e *avaliar* de forma crítica os propios resultados e os dos compañeiros.
- Empregaremos as TiC na exposición dos contidos e temas a tratar, na observación e análise de obras artísticas e os seus autores, na búsqueda de información e ideas inspiradoras, na realización de traballos en soporte dixital (programas e aplicacións) e na exposición dos mesmos.

8. MATERIAIS e RECURSOS

· Este curso traballaremos con **libro de texto dixital** (Autor: *Senén Olano*)- 'Plástica 1º ESO', 'Plástica 3º ESO' e 'Plástica 4º ESO' - disponibles no 'Repositorio de contidos educativos do espazo Abalar'.

· A **Aula Virtual** é o eixo sobre o que se estruturan as clases de Plástica.

Todo *Curso* da Aula Virtual está formado por *Temas*; en cada un deles dispoñeranse:

- *A Unidade Didáctica* correspondente do Libro de Texto dixital en PDF.
- *Material complementario* para reforzar e ampliar os contidos do libro de texto: ligazóns, vídeos, imaxes, arquivos...
- *Instrucións* e pautas a seguir para realizar as actividades propostas.
- *Rúbricas* de avaliación, a disposición do alumnado para que coñeza de antemán os aspectos relevantes dalgún exercicio práctico.
- *Actividades e recursos* propios da Aula Virtual.
- Espazo para formalizar a *entrega de traballos*.

· Os alumnos/as deberán traer ás clases o seguinte material:

- Carpeta clasificadora de fundas (20 ou 30).
- Folios brancos DIN A4 (30).
- Láminas de debuxo tipo Basik, A4 (25).
- Lapis de grafito 2HB.
- Rotulador calibrado de 0'8 mm, negro.
- Lapis de cores.
- Rotuladores de cores, de dobre punta e corpo fino.
- Xogo de escuadro e cartabón (25 cm. mín.), de bordes rectos e sen graduar, e regra (30 cm).
- Compás con adaptador.
- Afialapis, goma de borrar, tesoiras de punta redonda e barra de pegamento.

· Aparte do material básico do alumno, na aula dispoñemos de material extra:

- ✓ Todo tipo de cores para traballar técnicas húmidas e secas: lapis de cores, rotuladores, ceras, acuarelas, témperas, tintas, lapis de grafito de distintos graos de dureza.
- ✓ Materiais para traballar o volumen: instrumentos de modelaxe, plastilina, arxila, bimbio, ratán, escaiola...
- ✓ Materiais para experimentar e misturar técnicas: pinceis e brochas, cepillos, toda clase de papeis e cartolinas, cartón, papeis de lixa, retallos de tea, cordas, fíos, envases e obxectos e materiais de reciclaxe.
- ✓ Adhesivos e instrumentos de corte: cintas adhesivas, pegamentos, pistola de cola termofusible, tesoiras, cutters...
- ✓ Instrumentos de trazado para debuxo xeométrico: regras, xogos de escuadro e cartabón, compases...
- ✓ Sólidos básicos en madeira e plástico. Pezas industriais e de fontanaría para croquis acotados e representación en debuxo técnico.

- ✓ Modelos de escaiola para practicar o encaixado e o claroscuro, vasos de barro e cerámica para debuxo do natural.
- ✓ Material bibliográfico: libros de texto de diversas editoriais, libros de consulta (técnicas artísticas, catálogos de xéneros e artistas variados), revistas de arte e revistas e publicacións para localizar e extraer imaxes (colaxe), láminas de arte.
- ✓ Material informático: cámara dixital, portátil con acceso a internet, impresora con escáner, proxector, programas de tratamento de texto e de imaxes.

Fóra da aula

- ✓ Biblioteca.
- ✓ Aulas de informática I e II con ordenadores para os alumnos.
- ✓ Sala de audiovisuais.

Fóra do centro

- ✓ Casa da Cultura.
- ✓ Outros centros culturais da localidade...

9. CRITERIOS de AVALIACIÓN

Referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias. Responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

A avaliación estará baseada nos seguintes puntos:

- Realizarase unha avaliación inicial, que nos permita coñecer cal é a situación do alumnado ao comezo de curso, na que se valorará a creatividade, a capacidade de expresión artística, a utilización de instrumentos e materiais, o sentido estético, o emprego de vocabulario específico e os coñecementos da área.
- Durante o curso levarase a cabo unha avaliación formativa e continua. O alumnado aprende a través do seu traballo coa realización de actividades, polo que a práctica na aula ocupa a maior parte do tempo. A docente deberá observar, axudar, corrixir, potenciar e estimular este traballo a través de indicacións

persoais e diarias sobre o seu desenvolvemento nas láminas do alumnado. Este último descubre os logros e deficiencias en canto se producen, e poder así corrixir os erros.

- En último lugar levarase a cabo unha avaliación sumativa. En cada trimestre os alumnos realizarán os traballos propostos pola profesora para poñer en práctica os contidos expostos en cada Unidade didáctica, tomará apuntes no seu caderno e se presentará ás probas de exame correspondentes.

Emprego de **rúbricas** como estratexia de avaliación:

- Analizando a rúbrica correspondente antes de realizar a tarefa, o alumno/a pode interiorizar os obxectivos e criterios de avaliación.
- Despois da cualificación, o alumno/a pode coñecer os erros ou carencias e repetir para mellorar, se o desexa, a actividade.
- Coa rúbrica o alumnado é quen de avaliar as súas producións e as dos compañeiros/as (*autoavaliación e coavaliación*).

Criterios de cualificación

· A cualificación da materia se establecerá tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe, e segundo as seguintes porcentaxes * establecidas para cada un dos diferentes tipos de contidos:

- | | |
|-------------------|-----|
| • Traballos | 70% |
| • Probas de exame | 30% |

* (Estas porcentaxes poderán ser modificadas segundo as características dos grupos e o ritmo de traballo, a criterio da profesora. O alumnado será sempre coñecedor das mesmas.)

· As producións dos alumnos levarán unha nota numérica, de 0 a 10.

· As láminas entregadas á profesora no prazo indicado serán devoltas aos alumnos coa nota obtida e os comentarios e rectificacións pertinentes. Deberán ser corrixidas ou repetidas, se fora necesario.

· Os traballos presentados fóra de prazo terán unha redución de 0'5 puntos cada 10 días lectivos.

· As láminas non entregadas nun trimestre levarán unha nota de 0.

· A nota de cada exercicio - e polo tanto, a nota global de cada avaliación - estará tamén condicionada polo comportamento do alumno na aula, a actitude cara ós compañeiros e á profesora, a participación nas clases, a implicación nos temas a tratar, a puntualidade nas entregas, o coidado do material común e a tenencia do material necesario para poder desenvolver as tarefas na aula.

· Nos exercicios prácticos valoraranse os seguintes aspectos:

- ✓ Interese e implicación persoal.
- ✓ Imaxinación, orixinalidade e creatividade.
- ✓ Respecto ás normas de realización e temática requiridas para cada exercicio.
- ✓ Limpeza na execución dos trazados, na presentación e no acabado das obras.
- ✓ Puntualidade na entrega.

· A nota final de curso será a media das tres parciais, sempre e cando cada unha delas sexa igual ou superior a catro puntos (4).

Actividades de recuperación

· O alumno que obteña unha nota inferior a 5 nun trimestre poderá recuperar a materia presentando algún traballo e/ou repetindo o exame, segundo o caso.

· O alumnado que non supere o curso (nota final inferior a 5) deberá presentarse a unha proba final en xuño, coa parte da materia non aprobada.

· Se non consegue superar a avaliación ordinaria en xuño, o alumno realizará unha proba de avaliación extraordinaria en setembro, coa materia de todo o curso.

10. METODOLOXÍA, RECURSOS e AVALIACIÓN para a EDUCACIÓN a DISTANCIA

Metodoloxía

De ter que recorrer á educación a distancia, a **Aula Virtual** será o *canle de comunicación* principal entre profesora e alumnado e alumnado entre sí, a través do *Foro*, o *Blog de Plástica* e a *Mensaxería*.

Realizaremos **clases telemáticas** por videoconferencia, coa periodicidade que se determine no seu momento e segundo as circunstancias que se dean. Non serán *estas clases ordinarias* 'al uso'. Deberán adaptarse ao formato, e servir principalmente de *conexión visual e emocional* entre os membros do grupo coa profesora. Ademais de oportunidade para comunicar, propoñer dinámicas, mostrar e comentar resultados... etc.

Seguiremos contando co **correo electrónico**, como vía secundaria de comunicación. O alumnado de 3º e 4º ESO teñen xa un *cartafol compartido* coa profesora, con *dereito de edición*. O alumnado gardará os seus traballos neste 'Cartafol_Tarefas de EPVA' en Drive, ademáis de facelo na súa carpeta clasificadora física (*Portffolio*).

Recursos

Na Aula Virtual os alumnos/as teñen a súa disposición:

- *O Libro de Texto* dixital.
- *Material complementario* para reforzar e ampliar os contidos do libro de texto: ligazóns, vídeos, imaxes, arquivos...
- *Instrucións* e pautas a seguir para realizar as actividades propostas.
- *Rúbricas* de avaliación, a disposición do alumnado para que coñeza de antemán os aspectos relevantes dalgún exercicio práctico.
- *Actividades e recursos* propios da Aula Virtual.
- Espazo para formalizar a *entrega de traballos*.
- *Cualificacións* das producións presentadas.

Avaliación

Cada exercicio -presentado a través da *Aula Virtual* ou compartido por *Drive*- será avaliado e puntuado como de costumbre.

As tarefas máis axeitadas irán acompañadas da súa *rúbrica* de avaliación.

As *cualificacións* colgaranse na Aula Virtual, puidendo o alumnado en todo momento coñecer a súa situación no proceso formativo.

ALUMNADO en CONFINAMENTO

De darse dita situación, a profesora porase en contacto co alumno/a para explicarlle e recordarlle que na Aula Virtual conta cos recursos necesarios para a súa formación, realización e entrega das tarefas.

O contacto con este alumnado será periódico e personalizado.

11. INDICADORES de LOGRO da AVALIACIÓN do PROCESO de ENSINO

O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas. (Dec 86/2015)

Indicadores de logro do proceso de ensino

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
7. Adoptáronse as medidas curriculares e organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
9. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
10. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
11. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

Indicadores de logro da práctica docente.

1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno as explicacións individuais que precisa.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6. Combínase o traballo individual e en equipo.
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
9. Incorporáronse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas e traballos.
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas e traballos.
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.

14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.
15. As medidas de apoio e reforzo están claramente vinculadas aos estándares.
16. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...

12. ACTIVIDADES de SEGUIMIENTO e RECUPERACIÓN das MATERIAS PENDENTES

Os alumnos coa Educación plástica, visual e audiovisual pendente de cursos anteriores poderá recuperar a materia realizando unha serie de exercicios propostos en tres Boletíns (I – II – III), e presentándose ademais a un exame final en maio ou setembro.

A profesora reunirse cos alumnos nas seguintes datas aproximadas:

1: Primeira semana de outubro 2020

- Entrega de Boletín-I.

2: Segunda semana de decembro 2020

- Recollida de Boletín-I (cos exercicios feitos)
- Entrega de Boletín-II

3: Primeira semana de marzo 2021

- Entrega de Boletín-I corrixido
- Recollida de Boletín-II
- Entrega de Boletín-III

4: Última semana de abril 2021

- Entrega de Boletín-II corrixido
- Recollida de Boletín-III

5: Mes de maio 2021

- Entrega de Boletín-III corrixido
- Exame final

· Os Boletíns levarán unha nota numérica de 0 a 10, media aritmética das notas das láminas.

· O alumno deberán corrixir ou repetir os exercicios incorrectos se a profesora o estima conveniente.

· A nota dos Boletíns representará o 50% da nota final, e o exame o 50% restante.

Se o alumno coa Plástica pendente é de 4º ESO e colle a materia coma optativa, consideraráselle que recupera a pendente de 3º ESO se vai aprobando a materia nas

convocatorias ordinarias de 4º ESO. De non ser así deberase presentar ao exame final da convocatoria extraordinaria do mes de maio, ademáis de entregar os traballos de recuperación correspondentes.

13. MEDIDAS de ATENCIÓN á DIVERSIDADE

Os alumnos e alumnas poden requirir unha atención educativa diferente á ordinaria por ter dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo, ou ben por vivir en condicións socioeconómicas desfavorables.

Na Área de EPV pódense empregar diferentes *estratexias* que permitan darlles resposta ás diversas realidades do alumnado:

Os contidos.

Hanse de diferenciar os básicos e os complementarios, tomando como básicos:

- Os imprescindibles para aprendizaxes posteriores.
- Os que contribúen ó desenvolvemento das competencias clave.
- Os que denotan un maior nivel de funcionalidade en diversos aspectos da vida cotiá.

As actividades.

Organizaranse distintos niveis nas actividades de aprendizaxe, que permitirán ó alumno a súa elección segundo o tipo e grao de dificultade, sen pretender que tódolos alumnos adquiren o mesmo nivel de aprendizaxe sobre todos os contidos do curso:

- Un *nivel xeral*, para a maioría da clase.
- *Actividades de reforzo*. Nivel para alumnos con dificultades na materia, con actividades máis simplificadas e de reforzo dos aspectos máis fundamentais.
- *Actividades de ampliación*. Nivel complementario para aqueles alumnos con maior capacidade de asimilación de conceptos, maior destreza manual ou maior facilidade de expresión artística.

Outras *estratexias* tamén poderían ser a utilización de materiais didácticos diversos, de maior ou menor complexidade, relacionados cos contidos, así como a combinación de agrupamentos para a realización de distintas actividades, potenciando que a relación se estenda fóra da aula.

14. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

“Na Educación Secundaria Obligatoria, sen prexuízo do seu tratamento específico en algunhas das materias de cada etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaránse en todas as materias”.

Comprensión lectora

A principal linguaxe que se traballa na materia de Educación Plástica é a visual, a comunicación a través das imaxes. Pero non descoidaremos a lectura, fundamental no proceso de ensinanza-aprendizaxe: ademáis do libro de texto incentivarase a consulta de libros de arte e a búsqueda de información en Internet, como material de apoio á realización de certos exercicios.

O Plan Lector do centro propón a “Hora de ler”, 15 minutos diarios de lectura libre para alumnos e profesorado.

Expresión oral e escrita

Os alumnos deberán realizar *Proxectos artísticos*, pasando por todas as *Fases do proceso creativo*, desde os bosquejos iniciais ata o produto final. Elaborarán un portfolio con reflexións propias que xustifiquen as súas decisións. Para rematar defenderán os seus proxectos ante os compañeiros, e por norma xeral valorarán críticamente o traballo propio e alleo.

A comunicación audiovisual

Este tipo de comunicación forma parte do nome da materia: “Educación plástica, visual e audiovisual”, incluíndose como Bloque de contidos en 1º e 3º ESO.

O alumnado aprenderá a ler e crear imaxes, a coñecer os fundamentos da imaxe en movemento e a deseñar mensaxes visuais e audiovisuais.

Tecnoloxías da información e a comunicación

As TIC forman xa parte do día a día na aula de Plástica; a exposición dos temas apóianse na visualización de contidos extraídos de Internet: imaxes e textos de obras, técnicas e artistas, presentacións, vídeos, tutoriais... Realizamos visitas virtuais a museos de todo o mundo, exploramos blogs e webs, aprendemos a utilizar programas e aplicacións para crear traballos con soporte dixital.

Compartimos información, mostramos ao mundo o que somos capaces de facer... As posibilidades dentro do campo do ensino da cultura visual son infinitas!

O emprendemento

Incentivamos o espírito emprendedor do alumnado mediante o desenvolvemento da creatividade, que axuda a plantear as solucións posibles a un problema para despois tomar partido por unha delas, en actividades de Deseño, por exemplo.

O traballo en equipo, a autonomía, a confianza en un mesmo e o sentido crítico son aptitudes que permiten afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial.

A educación cívica e constitucional

Mediante a elección de temas de carácter cívico e social para inspirar as producións dos alumnos, fomentamos o desenvolvemento da igualdade entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero e a non discriminación por calquera condición persoal ou social, en aulas nas que é habitual a convivencia entre alumnado procedente de distintos países e circunstancias.

Celebramos as distintas conmemoracións, con exercicios deseñados a tal fin, para inculcar nos nenos e nenas valores como a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos e o rexeitamento á violencia.

15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS e EXTRAESCOLARES

Intentaremos celebrar as distintas conmemoracións anuais (Día da Paz, Día Internacional da Muller Traballadora, Día do Libro, Semana das Letras Galegas, Día Mundial do Medio Ambiente, Día das Artes Galegas...) coa realización de traballos individuais ou colectivos; dentro e fora da aula, en espazos comúns do centro para facer partícipes tamén ao resto da comunidade educativa.

Realizaranse actividades fóra da aula e fóra do centro educativo:

- Saídas da aula para observar, tomar mostras, facer fotos ou debuxar do natural.
- Saídas do instituto para visitar museos e exposicións, lugares de interese artístico propios da zona, talleres de artesanía...para espertar a apreciación da contorna socio-cultural do alumno.
- Viaxe a algunha das capitais galegas para visitar Centros de Arte Contemporánea, e dar a coñecer outras formas de expresión, máis aló da pintura-escultura, prestando especial atención á arte e creadores galegos. Procurarase organizar devanditas saídas con outros departamentos, para relacionar as distintas áreas mediante un tratamento interdisciplinar.

Todas as actividades realizadas quedarán reflectidas na memoria final do curso.

16. AVALIACIÓN da PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A avaliación afecta non só aos procesos de aprendizaxe do alumnado, senon tamén ao resto dos elementos implicados no proceso de ensino, ao profesor e tamén á organización dos elementos curriculares que constituyen a Programación didáctica.

A idoneidade da Programación será revisada ao longo do curso mediante correccións, consideracións e rectificacións reflectidas no Caderno do profesor.

Unha referencia importante para unha valoración máis participativa e compartida do proceso de ensinanza-aprendizaxe será contar coa opinión do alumnado a través de postas en común e enquisas.

A continuación, un posible procedemento de avaliación da programación para que o profesor valore a súa labor segundo os resultados obtidos ao final do curso:

ESCALA DE OBSERVACIÓN PARA o PROFESOR

Materia/Área impartida:	Curso:
Profesor/a:	Data:

· Puntuar, sinalando cunha X, de 1 a 4 –donde 1 é a cualificación máis baixa e 4 a máis alta- os seguintes aspectos:

	1	2	3	4
1. Respetaches a distribución temporal dos contidos por avaliacións.				
2. Aplicaches a metodoloxía didáctica programada.				
3. Tiveches en conta os coñecementos e aprendizaxes básicos necesarios para aprobar a materia.				
4. Aplicaches os procedementos de avaliación programados e respetaches os criterios de cualificación.				
5. Aplicaches as medidas de atención á diversidade aos alumnos que o requerían.				
6. Levaches a cabo as actividades de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores segundo a túa responsabilidade.				
7. Aplicaches medidas de reforzo educativo dirixidas aos alumnos que presentaban dificultades de aprendizaxe.				
8. Puxeches en práctica medidas para estimular o interese e o hábito de lectura e a capacidade de expresarse correctamente.				
9. Utilizaches os materiais e recursos didácticos programados.				
10. Realizaches as actividades complementarias e extraescolares programadas.				

1· Se contestaches 1 ou 2 a algunha cuestión, sinala segundo a túa opinión cales foron as causas.

2· Indica las características máis positivas do traballo desenvolto por ti neste curso.

3· Sinala os aspectos que consideres que deberías mellorar no teu traballo en cursos sucesivos.

En Verín, 16 de outubro 2020



Marta Acitores García
Xefa do Departamento de Debuxo